



Bases

6º Campeonato Galego de Formación Profesional GaliciaSkills 2021





Índice

1. Galiciaskills 2021	3
1.1 Obxectivos	3
1.2 Skills en competición	4
1.3 Lugar e data das competicións	4
2. Destinatarios	5
2.1 Requisitos	5
2.2 Participación	5
2.3 Prazo de inscrición	6
3. Xurado	6
3.1 Funcións do presidente do xurado	7
4. A proba e a competición	8
4.1 A proba	8
4.2 A competición	8
4.2.1 Antes, durante e despois da competición	9
4.2.2 Avaliación	10
4.3 Premios	11
5. Información adicional	12



1. Galiciaskills 2021

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade convoca o 6º Campionato Galego de Formación Profesional, Galiciaskills 2021. Organizado pola Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, e enmarcado en Spainskills e na organización internacional Worldskills, este campionato pretende dar unha maior proxección e difusión á formación profesional que se imparte na nosa comunidade autónoma.

Este é un campionato eminentemente práctico, que consiste no desenvolvemento de 24 competicións relacionadas coas especialidades da formación profesional, nas que as persoas participantes deben demostrar a súa competencia profesional e medir as súas destrezas con alumnado de distintos centros de Galicia na realización das correspondentes probas.

1.1 Obxectivos

- a. Pór en valor a calidade e o atractivo das ensinanzas de formación profesional e visualizar a competencia profesional do alumnado que cursa estas ensinanzas na nosa Comunidade Autónoma.
- b. Motivar o alumnado de formación profesional, incidindo no seu rendemento e futuro profesional.
- c. Recoñecer a profesionalidade e dedicación do profesorado de formación profesional.
- d. Crear un punto de encontro entre profesionais, profesorado e alumnado, fomentando a transferencia de coñecemento e afianzando os lazos entre a realidade empresarial e laboral e a formación profesional no ámbito educativo.
- e. Seleccionar o equipo galego que nos represente na Olimpíada de Formación Profesional SpainSkills 2021.



1.2 Skills en competición

Os skills son as modalidades ou especialidades en que haberá competición e que se corresponden cun ou máis ciclos formativos das diferentes familias profesionais.

A relación dos skills en que haberá competición é a seguinte:

- Administración de sistemas en rede
- Carpintería
- Cociña
- Coidados auxiliares de enfermaría e atención sociosanitaria
- Control industrial
- Desenvolvemento web
- Deseño mecánico-CAD
- Ebanistaría
- Floraría
- Fontanería e calefacción
- Instalacións eléctricas
- Mecanizado
- Mecatrónica
- Panadaría
- Peiteado
- Pintura do automóbil
- Recepción hoteleira
- Refrixeración e aire acondicionado
- Reparación de carrozaría
- Servizos de restaurante e bar
- Soldadura
- Tecnoloxía da moda
- Tecnoloxía do automóbil
- Xardinaría paisaxística

1.3 Lugar e data das competicións

As competicións desenvolveranse nos centros educativos na primeira semana do mes de outubro de 2021. Oportunamente publicitaranse as datas concretas de celebración de cada competición así como o centro educativo onde se desenvolverá cada unha delas. Todas as novas publicaranse na páxina web www.edu.xunta.gal/fp/galiciaskills.

2. Destinatarios

Este 6º Campionato Galego de Formación profesional está dirixido aos centros educativos da nosa Comunidade Autónoma, sostidos con fondos públicos, que imparten ensinanzas de formación profesional e nel participa alumnado de ciclos formativos que voluntariamente queira participar.

A inscrición será realizada polo centro educativo, que poderá presentar a cada competición unha persoa competidora por skill, coa excepción dos skills de Xardinaría paisaxística e Mecatrónica, nos que participarán dous/dúas alumnos/as por centro, que realizarán a proba en equipo.

O número mínimo de centros educativos inscritos en cada competición será de catro, excepcionalmente poderá autorizarse un número menor. En calquera dos casos, o número de competidores non será menor de catro.

Será o centro quen determine o sistema de selección dos seus competidores. A persoa competidora levará consigo o seu DNI durante a competición, e acudirá na compañía dun/dunha profesor/a do centro, que actuará como persoa titora e que se encargará da súa preparación para a competición.

2.1 Requisitos

As persoas competidoras deberán ter unha idade máxima de 22 anos o 31 de decembro de 2021, (nados con posterioridade ao 01/01/1999), excepto no skill de mecatrónica que terán como máximo 23 anos o 31 de decembro de 2021, (nados con posterioridade ao 01/01/1998).

2.2 Participación

Os centros que queiran presentar competidores a calquera dos skills arriba relacionados, deberán facer efectiva a súa participación en GaliciaSkills 2021 cubrindo unha solicitude de inscrición por cada skill no que participen. Esta solicitude de inscrición, que se atopa nesta páxina web, deberán remitila ao seguinte enderezo de correo electrónico: galiciaskills@edu.xunta.gal

A persoa titora comprométese á preparación do/a alumno/a para a competición Galiciaskills e, de ser o caso, para o campionato nacional Spainskills. No caso de resultar gañador/a na edición nacional, supervisará a preparación do/a alumno/a para as competicións internacionais, para o que contará coa colaboración do xefe de expertos e das empresas patrocinadoras.

Durante o desenvolvemento do campionato realizaranse reportaxes fotográficas que se utilizarán para a súa difusión; as persoas participantes autorizan a utilizar estas fotos e vídeos para tal fin.

A participación neste campionato implica a aceptación das súas bases. A interpretación destas bases resérvase para a organización.

2.3 Prazo de inscrición

Os centros deberán remitir a solicitude de inscrición en cada skill en que participen antes do día 15 de setembro de 2021.

3. Xurado

Para a avaliación das probas realizadas polos competidores constituirase un xurado por cada modalidades de competición que será quen realice as actuacións necesarias para levar a bo termo as actividades incluídas en cada plan de probas das modalidades de competición. O xurado é o responsable da cualificación das probas.

O xurado de cada modalidade de competición estará composto pola persoa experta do skill para Galicia, que será o/a seu/súa presidente/a, e pola persoa titora do alumnado que participe e, de ser o caso, por representantes das empresas patrocinadoras.

Os xurados constituiranse nos días previos ao comezo da competición e o presidente do xurado levantará acta da constitución do mesmo e o comunicará á organización da competición.

A persoa experta de cada skill elaborará a descrición técnica ou bases de funcionamento da competición, que recollerá os aspectos de interese para o desenvolvemento da competición.

Posteriormente, presentará unha proposta de proba ás persoas que formen parte do xurado ou elaborárase conxuntamente, segundo as características de cada skill.

Polo tanto, o xurado será o encargado da elaboración das probas e será responsable da avaliación das persoas participantes. A súa decisión será inapelable.

As persoas que formen parte do xurado que sexan profesorado do centro onde cursa estudos algún dos participantes absteranse de avalialo nos criterios de avaliación subxectivos.

3.1 Funcións da presidencia do xurado

- Establecer as bases de funcionamento da súa competición, respectando as bases xerais da convocatoria, e envalas á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.
- Supervisión e elaboración das probas da súa competición.
- Explicación das bases de funcionamento ao xurado, ao profesorado e ao alumnado participante.
- Mantemento de contactos coas empresas do sector para conseguir patrocinios.
- Comprobación de que os participantes cumpran os requisitos de participación.
- Previsión e organización do material necesario para o desenvolvemento da competición.
- Supervisión e coordinación da competición.
- Envío á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional da acta da avaliación final da competición do skill que lle corresponda, na que se determinará quen é a persoa gañadora.

4. A proba e a competición

4.1 A proba

Logo de constituídos os xurados establecerase o procedemento de elaboración das probas. tendo en conta as características propias de cada competición. Os contidos da proba estarán relacionados cos módulos dos ciclos formativos relacionados con cada unha das competicións.

En calquera caso a proba poderá modificarse ata un máximo do 30 % antes da competición.

Cumprirá xuntar á proba un esquema de puntuación cos aspectos que teñen que ser avaliados.

4.2 A competición

Cada competición desenvolverase de acordo co especificado nas súas bases. Cada xurado completará as bases de cada skill, que será o documento de referencia sobre cada competición.

A duración de cada competición pode variar segundo as características propias de cada skill.

A desmontaxe do taller e das instalacións non pode comezar ata que finalicen todas as avaliacións, excepto se o autoriza o xurado.

A organización ten que proporcionarlle a cada persoa competidora o posto de traballo correspondente.

Cada participante ten que levar a roupa de traballo ou o equipamento que se lle proporcione e achegar as ferramentas que se especifiquen nas bases do skill en que participa.

En cada unha das competicións deben seguirse as recomendacións do protocolo COVID establecido nos centros educativos.

4.2.1 Antes, durante e despois da competición

Antes da competición

- As persoas competidoras deben ler toda a documentación correspondente ao campionato e ser informados sobre as bases deste e as da competición, os criterios de avaliación e calquera outra consideración necesaria. Será o profesor/a titor/a quen se encargue desta tarefa de información, así como das ferramentas e de calquera outro equipamento ou materiais que teñan que levar á competición.
- A persoa competidora prestará atención ás normas de seguridade e hixiene propias do seu skill durante toda a competición.
- O mesmo día da competición disporá de 10 minutos para preparar o lugar de traballo, revisar e preparar os aparellos e o material do seu posto de traballo, baixo a supervisión dos membros do xurado.
- Antes de comezar a proba, a persoa competidora poderá realizar preguntas e confirmará que está preparada para comezar.
- Neste momento o xurado ten que comprobar os datos persoais das persoas competidoras (DNI o calquera outro documento oficial acreditativo da súa identidade).
- O xurado ten que examinar as ferramentas e os materiais que achegue cada persoa participante, e pode eliminar todo o que non considere axeitado para o desenvolvemento da competición.

Durante a competición

- As persoas participantes son responsables do propio material e das ferramentas.
- As persoas participantes teñen que esperar a que o presidente do xurado autorice o inicio e o final da competición.
- Durante a realización da proba non se pode manter ningún contacto cos outras persoas participantes, co/coa profesor/a titor/a ou calquera outra persoa externa ao xurado.

- Está prohibido o uso de teléfonos móbiles ou calquera outro equipamento electrónico de intercambio de información.
- Son de obrigado cumprimento todas as normas de seguridade e hixiene relativas ao skill. O calzado e o vestiario teñen que cumprir estas normas.
- Quedan excluídos da competición os participantes que non se presenten na hora prevista para o comezo da proba ou non teñan unha conduta adecuada, ou non cumpran as bases da competición ou as directrices do xurado ou da organización.
- Durante o desenvolvemento da competición o xurado pode deliberar e puntuar a cada participante.
- A presidencia do xurado velará polo bo funcionamento da competición e resolverá os conflitos, de ser o caso.
- O xurado e a organización teñen que resolver calquera aspecto que non estea incluído nas bases da competición, sempre que sexa necesario.

Despois da competición

- Ao finalizar a competición, as persoas participantes poden intercambiar opinións e experiencias con outras persoas participantes, profesores/as tutores/as, xurado e organización. Este intercambio só pode estar relacionado cos métodos, as ferramentas, os aparellos, a maquinaria, etc., e non coa proba realizada.
- A presidencia do xurado ten que dar instrucións para recoller os aparellos, as ferramentas, o equipamento, etc.
- O posto de traballo e a maquinaria teñen que quedar completamente limpos e en orde, e son responsables as persoas participantes e os/as profesores/as tutores/as.
- As persoas competidoras teñen que aceptar as decisións do xurado.

4.2.2 Avaliación

As probas da competición serán avaliadas polo xurado, que ten que avaliar, segundo os criterios establecidos, a todas as persoas participantes excepto o/a competidor/a do seu centro.

Para levar a cabo a avaliación, o xurado ten que dispor dun formulario de avaliación con todos os puntos que haxa que valorar, e tamén a puntuación máxima correspondente a cada un deles.

Cada persoa que forme parte do xurado ten que entregarlle á presidencia do xurado o formulario de avaliación, logo de realizada esta, así como a documentación que se considere. A presidencia e unha persoa da organización sumarán as puntuacións de cada participante e elaborarán a acta de avaliación final, onde consten os premiados.

A clasificación tense que determinar en función da puntuación total obtida por cada persoa participante.

4.3 Premios

- A persoa competidora con maior puntuación en cada skill obterá a medalla de ouro nese skill, e representará a Comunidade Autónoma de Galicia na olimpíada Spainskills 2021.
- A persoa competidora coa seguinte mellor puntuación en cada skill obterá a medalla de prata nese skill, e será o suplente para representar a Galicia na olimpíada Spainskills 2021.
- Os premios faranse públicos nun acto conxunto de entrega de premios.
- Todas as persoas competidoras recibirán un diploma que certifique a súa participación en Galiciaskills 2021.
- Así mesmo, o profesorado (persoas expertas e titoras) recibirá a correspondente certificación de participación na actividade de innovación educativa Galiciaskills 2021, cunha equivalencia de 15 horas de formación permanente do profesorado.
- O alumnado da Comunidade Autónoma de Galicia que obteña medalla de ouro na olimpíada Spainskills 2021, formará parte do equipo español que representará a España nos campionatos internacionais da formación profesional, Worldskills e Euroskills.

5. Información adicional

Toda a información sobre o campionato publicárase na páxina web

www.edu.xunta.gal/fp/galiciaskills-2021.

As dúbidas ou consultas serán atendidas no seguinte número de teléfono 981 54 65 36.